



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

No último día do ano pasado soubemos da renuncia do norteamericano Greg Burke e da española Paloma García Ovejero, director e vicedirectora da Sala de Prensa da Santa Sé. Seica o facían moi ben. Seica non chegaba, con todo, coa súa humanidade, coa súa dispoñibilidade. Seica o novo prefecto do Dicasterio para a Comunicación, Paolo Rufini, quería formar o seu propio equipo. Quen sabe? En Encrucillada polo de agora non hai dimisións, e aquí estamos unha vez máis ao comezo deste ano, dispostos a compartir feitos acontecidos e reflexións sobre dos mesmos que consideremos de interese para quen lea esta revista. Oxalá poidamos cumprir ben co noso cativiño oficio de intercomunicación! Oxalá! Desexando, logo, que esta Crónica vos atope empezando o presente ano con paz, con ben e con moitos alentos, vamos aló!

### 1.- Unha esperanzadora noticia

Foi noticia no pasado outono. O bispo norteamericano de Bridgeport, Frank Caggiano nomeaba a unha muller, Eleanor W. Sauers, coordinadora da vida parroquial da parroquia de San Antonio do Padua en Fairfield, cun poder decisorio coma o de calquera cura. Iso si, queda integrada nun equipo de curas do contorno para «proporcionar os ministerios sacramentais». Preséntasenos a noticia como algo moi singular, como se fose a primeira muller no mundo que recibe tal «poder» pastoral; sen embargo, sen ir máis lonxe, coñecemos, por exemplo, no mesmo País Vasco a mulleres relixiosas que practicamente están coordinando a vida parroquial en zonas do rural, e seguro que tamén coordinadas con algún cura que lles garante certos servizos sacramentais. Máis alá de que se estea a falar ou non dunha experiencia que

se estrea, a nova é significativa; podémola ver como algo do máis normal do mundo: por que non pode unha muller, por ser muller, asumir e cumprir con esa responsabilidade eclesial (supoñémoslle a capacitación, claro)? Pero tamén a podemos ver como algo sen sentido: por que ten que depender dun cura para certos ministerios sacramentais? Por que sinxelamente non pode ser ordenada cura?

Non sabemos se, dentro dos exquisitos distingos teolóxicos que se manexan nestes temas, se pode afirmar que a función de coordinar a vida parroquial dunha comunidade, con poder decisorio coma o de calquera cura, leva consigo participar do «poder ou servizo» sacerdotal que confire a ordenación. Pensamos que os responsables de tal decisión entenden que non, pois senón non o farían. Pero non deixa de ser algo con certa anormalidade cando menos: pode crear, coidar, rexeir, formar, potenciar a comunidade –cos equipos correspondentes, enténdese–, pero non pode celebrar coa mesma comunidade os sacramentos que expresan e potencian a vida que día a día van vivindo? Pode predicar,

servir a mesa da Palabra –que xuntamente co rito eucarístico forma parte en igualdade de condicións do conxunto da celebración da Eucaristía–, pero non pode servir a mesa do Pan e do Viño santos de Xesús? Non nos estamos contradicindo? Non estamos entrando nunha lóxica absurda, moi difícil de entender para calquera persoa que teña sentido común, que teña sentido cristián?

Con todo e iso, pensamos que a noticia é positiva. Na medida en que estes casos se multipliquen, e oxalá que así suceda coa simple normalidade da vida, é moi posible que en todo o pobo de Deus e na mesma xerarquía relativicemos certas construcións teolóxicas, que hoxe se defenden con teimosía coma cousa do mesmo Deus (!).

## 2.- Isto si que é evanxelizar!

Curiosamente foi isto o primeiro que se nos veu á cabeza ao recibir e ler a información da beatificación en Orán –primeira vez que se fai unha beatificación nun país musulmán– das 19 persoas cristiás, mártires en Alxeria durante a sanguinolenta guerra civil que conmocionou o

país durante máis de 10 anos e na que morreron 200.000 persoas. Entre esta xente, no bienio 1994-1996, foron asasinados o bispo Pierre Claverie, os sete monxes cistercienses que na película «*De dioses y hombres*» se amosaron ao mundo na súa inocencia evanxelizadora, dúas relixiosas españolas, agostiñas misioneras, Esther e Caridade, e sete persoas máis. Un conxunto de francesas, españolas, belgas, maltesas de orixe, pertencentes a 8 congregacións relixiosas diferentes, pero unidas na súa vontade de compartir fe e vida coa poboación musulmá e na súa decisión meditada, discernida, orada, de seguir vivindo en Alxeria aínda sabendo que, dadas as circunstancias, tal decisión implicaba o risco grave de acabar sendo asasinadas por musulmáns radicais, como así foi. Conforme escribiu algunha desas persoas, «ninguén nos poder quitar a vida, porque nosoutras xa a temos entregado». Cómpre dicir que desa onda de violencia foi vítima tamén un considerable número de imáns que igualmente optaran por unha convencida convivencia fraterna coa xente de fóra que a eles se achegara con aires de

irmás e de irmáns. Podémoslos considerar imáns beatificados, dignos do noso agradecemento e devoción.

Isto si que é evanxelizar! E éo loxicamente por testemuñar co seu sangue, coa súa vida, a autenticidade e decisión da súa aposta misionera. Pero éo tamén, e de que maneira, polo estilo de presenza evanxelizadora que sempre nos conmociona, e que nos desvela as formas da verdadeira evanxelización, a única forma, case ousaríamos dicir, que será efectiva nos tempos de desleixe relixioso que todo o envolve, polo menos neste mundo occidental noso, escéptico e abondo queimado cara á fe e cara a quen a practica. Homes e mulleres de moito silencio, de paz fonda, de simple e recia fraternidade, de servizo absolutamente gratuíto, pobres de corpo e de espírito, recoñecendo e agradecendo os dons de Deus en xente de fe distinta, persoas dispostas a dar e recibir, a enriquecerse coas vidas de quen as rodea, nunha confluencia indescribible de corpos e almas, e todo dentro dunha vida humilde nunhas fraternidades acolledoras..., quen pode burlarse de semellante testemu-

ño e non cuestionarse ante el? Quen non queda pampo ante tal humildísima provocación? Os homes e mulleres beatificadas en Orán, rubricaron co seu sangue as liñas de presenza eclesial que marcarán tendencia. A xente cristiá do século XXI –o noso– ou será mística, ou non será; ou será sinxelisimamente radical, ou non será; ou será humildisimamente fraterna, ou non será. Unha imprescindible orientación para quen nos xuntamos unha e mil veces debullando plans evanxelizadores, que nunca acaban de ser efectivos. As cousas como son, ho!, as cousas como son!

### 3.- E isto tamén o é!

Quen isto escribe tivo a sorte de coñecer Taizé alá polo ano setenta e poucos. Fun alá máis ca nada de curioso ante un fenómeno do que todo o mundo falaba, e falaba moi ben. Grazas a unha cartiña de recomendación, fun admitido non na comunidade, pero si nun espazo algo particular, relativamente cómodo, e non entre o rebumbio da mocidade que se amañaba como podía para convivir, acougar e festexar. Fun aos

encontros de oración. Quedei desbordado por aquela maneira de facer oración, intensa, contemplativa, regulada e libre a un tempo, na que moita mocidade participaba con gusto e a fondo. Pero penso que daquela non dei entrado na graza de Taizé. Era moito para min, afeito a regulacións litúrxicas e doutrinais. Souben tamén das súas movidas coa mocidade, o atractivo que nela producía, o seguimento que provocaba, que se concretaba nunha busca espiritual firme e libre, e nun compromiso coas causas da paz e da xustiza no mundo en diferentes variantes. Daquela era prior da comunidade o fundador carismático Roger Schutz, que no 1940 iniciara nese lugar da Borgoña, en Francia, a experiencia dunha comunidade monástica ecuménica aberta a Deus, claro, e aberta ao mundo. Como complemento á vida e acción propia desde o mesmo mosteiro, acordaron entre outras cousas a organización dos Encontros Europeos da mocidade que chegou hai poucos días á súa 41ª edición; celebrouse en Madrid do 28 de decembro ao 1 de xaneiro. Noutros anos xa se celebrara este evento en Barcelona, Sevi-

lla e Valencia. «Peregrinación da Confianza», así se titulaba este ano o encontro; tratábase de vivir e provocar a experiencia de confiar acollendo: acoller a esa mocidade era xa un sinal de confianza, e o espírito de confianza queríanlo promover cara a calquera que de dentro ou de fóra pete ás nosas portas. Un asunto ben crucial no noso momento europeo, con tanto afán proteccionista do propio ante o que se entende como invasión dos alleos. Quince mil mozos e mozas en encontros de oración, en obradoiros diversos, en horas de festa e celebración, ben apoiados pola Igrexa madrileña coa implicación directa do mesmo cardeal Osoro. Actualmente lidera todo o movemento de Taizé o irmán e prior Alois Löser.

Chama a atención en todo o de Taizé a súa vontade ecuménica: desde a composición da mesma comunidade, onde están integrados monxes de diferentes confesións cristiás; ata o movemento xerado ao seu redor, no que colaboran comunidades relixiosas, cregos e laicado católico; ata o desenvolvemento de calquera actividade litúrxica ou non litúrxica: a ninguén se lle pregunta se

cre ou non cre, que cre ou que deixa de crer (aínda que todo iso co tempo cada quen o irá aclarando); as celebracións son abertas e aberto é o Pan eucarístico que se comunga; irá sabendo o propio asistente desde onde comunga ou deixa de comungar. Poténciase en Taizé un ecumenismo da pregaria e un ecumenismo da implicación solidaria. O ecumenismo doutrinal non se menospreza, pero queda para un tempo segundo, porque realmente iso non é o que máis abre camiños de fraternidade. En Taizé non é prioritario indicarlle á xente nova, e non nova, o que ten que crer, o que ten que facer; fundamentalmente escóitase, acóllese, ofrécese unha sensibilidade evanxélica, e promóvese un camiño polo que andar en comunidade. E todo irá vindo ao ritmo do que o espírito vaia provocando en cada quen. Non é, nin buscan que o sexa, un movemento de masas, como as nosas XMX, pero indubidablemente téñense convertido nun lugar de esperanza e nun referente importante cara á entrada do Evanxeo na poboación xuvenil, que a outras estratexias parece bastante impermeable.

As nosas XMX débenlle a idea, e posiblemente moito máis, a estas iniciativas de Tazé. Pero teñen un talante distinto, interno e externo. Oxalá sigan sumando creatividade e froitos coma os grupos de Tazé. Oxalá nolo confirme a próxima XMX de Panamá, a celebrar naquel país centroamericano entre o 23 e o 27 do presente mes, cando xa esta Crónica andará camiño do prelo.

#### 4.- A voltas coa xente defunta

Se na Crónica anterior falabamos do caso dun crego que dicía non entender a falla de atención a ese colectivo rural de velliños e velliñas soas e desoladas, agora é outro crego o que nos comenta a súa inqueda interior despois de enterrar na última semana ata a 10 persoas, e de preguntarse que facer e que non facer como guieiro da comunidade cristiá ante o caso repetido de tantas mortes que lle pasan polas mans. Tiña o tal crego a sensación de que seguir os rituais litúrxicos non estaba valendo para moito, que sobrababan moitos textos, moitas palabras, moitos ritos, que ían acumulando rutinas, e que faltaba

a ousadía de romper moldes, lembrar a Xesús e a súa maneira de ser coa xente, e desde aí poñer calor humano e confianza e esperanza cristiá na familia da persoa defunta e no contorno veciñal que a acompaña.

A impresión deste crego véz mola reforzada polas palabras e polos silencios doutros moitos, que viven os enterros como un ritual rutineiro e ás veces esgotador, que empeza xa no momento en que se comunica polos medios a defunción da persoa «despois de ter recibido os santos sacramentos e a bendición da súa Santidade», cousa que é mentira no 99,9% dos casos.

Emporiso, o certo é que nos diferentes rituais funerarios (velorio, Misa, enterro) é onde hoxe por hoxe máis público asiste ás nosas celebracións; máis público e máis variado en idade e incluso en vinculación relixiosa. Podemos ver nos velorios e nos funerais de enterro a xente nova que normalmente non aparece pola igrexa, e podemos ver xente que ten roto coa Igrexa ou que vive na práctica desvinculación coa mesma. Pero ese día están aí, por razóns de calquera índole, en xeral sempre positivo,

pero están aí. O cal quere dicir que, respectando cada singular circunstancia –da que non é ben aproveitarse para botar a cana–, o normal sería desenvolver o acto litúrxico tendo moi en conta esa situación e facelo todo coa conciencia de que o ben ou o mal que fagamos as cousas, a rutina ou a viveza coa que celebremos, vai deixar pouso no público que nos acompaña, e espertará ou afogará preguntas en quen circunstancialmente nos acompaña.

Pero tamén a comunidade cristiá máis fiel ten dereito a ser fortalecida nunha vivencia humana e cristiá destes acontecementos máis ou menos dolorosos. Desde unha sa vivencia relixiosa podemos axudar a retirar formulismos inútiles, mesmo vaidosos, a asumir a condición fráxil da nosa existencia, a encher de afecto, tenrura, fe e esperanza todo o espazo da celebración, a crear vínculos corporais e espirituais que poden ser, quen sabe, o comezo de algo humildemente novo na vida das persoas máis directamente afectadas.

Os velorios poden ser humildes escolas de aprendizaxe

de oración. Os funerais poden ser humildes escolas de aprendizaxe de celebración cristiá. Aplicando o principio de que somos igrexa en misión. Algo que, coma no caso do amor, é un arte, e, polo tanto, precisa carisma e graza, pero tamén atención e dedicación, tempo e imaxinación. O crego antedito, por sorte, anda nesas. E ben se lle nota.

## 5.- Desde Ourense, paso a paso

Gústanos seguirle os pasos, no que podemos, ao que nas dioceses galegas se está a facer por abrir camiños de evanxelización na situación actual, por diferentes razóns tan complexa. Xa sabemos que por Ourense andan en Sínodo. Poderíamos dicir que é a moda agora iso dos Sínodos: cando non sabemos que facer, facemos un Sínodo. Pero é que, quizais, xustamente debe ser así: cando nos atopamos nunha situación de afogo evanxelizador, cando os problemas se nos botan enriba e non sabemos por onde coller, o mellor é parar, sentar, falar abertamente, dar ideas e dispoñerse a facer camiños. Outra cousa é que agardemos dos Sínodos

remedios doados, solucións inmediatas, e non soamente pisatas, criterios polos que apostar e sobre os que organizar unha actividade evanxelizadora que en calquera caso se presenta difícil e arriscada, necesitada de imaxinación e de fortaleza.

O Secretariado do Sínodo diocesano de Ourense vén de facer públicas as conclusións dun estudo socio-relixioso do Ourense rural, no que intenta achegarse á situación demográfica das parroquias rurais e a diferentes aspectos da súa relixiosidade. Trátase, xaora, de coñecer a evolución das últimas décadas ao respecto, de decatarse da situación actual e de prever por onde poderían ir as cousas nos próximos anos. Para iso baseáronse en datos do Instituto Galego de Estatística, e máis en informacións directas dos curas de cada lugar. Trátase de dar información aos grupos ou comunidades sinodais, para que teñan elementos a partir dos cales ofrecer algún tipo de proposta evanxelizadora que responda as necesidades e demandas.

Temos que recoñecer que os datos ofrecidos non defiren

case dos que se van recollendo nos territorios rurais do interior das dioceses galegas: acentúase o despoboamento dos núcleos menores (case todas as parroquias rurais), o envellecemento e a soidade da poboación como gran problema; moi pouca actividade asociativa, agás ao redor das comunidades de montes veciñais; moita festa e romaría; a poboación adulta –non así a nova– vén sendo bastante receptiva á Igrexa; todo se fai polo cura e sen o cura non se fai nada de canto se fai, pero os curas van indo a menos e van entrando tamén en anos, aínda que a carga parroquial é moito maior noutras zonas de Galicia; poucos bautizos, primeiras comunións, e confirmacións e, curiosamente, bastante práctica dominical en poboacións de 50 habitantes para abaixo (40%). Tres de cada catro casamentos fanse pola Igrexa, cousa que nos sorprende e a Unción da xente enferma ten pouca demanda. Da Confesión non se di nada.

Como ben apuntan no informe, a realidade presenta un problema de tipo eclesial, pero tamén de tipo social, político, que polo mesmo debería acentuar a intensidade do proble-



ma eclesial. Veremos en que dá a Igrexa ourensá. Por seren da terra da chispa, ben nos viría a todos os galegos e galegas que prendese nela a chispa da imaxinación, da creatividade, da ousadía, da aventura evanxelizadora, da intensidade, das fidelidades fundamentais. Estamos en tempos diferentes. Por unha banda o asentamento poboacional, que levaba sobre 10-12 séculos máis ou menos estabilizado entre nós, vai sufrir unha modificación substancial, que nos fai pensar claramente nunha configuración nova dos asentamentos humanos. Haberá que adaptarse a iso, véndoo como un deber urxente, aínda que non carente de dificultades? Por outra banda a escaseza de clero e o clericalismo que acompaña ás nosas comunidades fainos pensar que por fin – cousas, se cadra, do mesmo Espírito – nos temos que enfrontar coa necesidade perentoria de construír comunidades cristiás desclericalizadas, cousa nada doada, para a que nin o clero nin o laicado estamos nin afeitos, nin, se cadra, formados. E, como corrente de fondo, este ollar de esguello a todo o que cheire a fe, e a toda a xente

que ula a crente, cousa típica dos nosos tempos, que engade un aquel de suspense ao que desde a Igrexa poidamos facer. Tempos recios, si, señora santa Tareixa, tempos recios tamén os nosos. E non vale facer sempre o mesmo, se os tempos son outros e queremos responder a realidades diferentes. Deus nos colla ao axexo, sabendo mesturar paciencia e urxencia, esforzo e confianza!

## **6.- Algunhas realidades que poden mudarnos o corazón**

Presentamos a continuación unha presa de feitos de forte significado humano e eclesial, cristián, que chegaron ás nosas portas baixo o formato dalgunha carta ou escrito co que os seus autores gustaron de compartir connosco as súas ansias e preocupacións. Poderédolos atopar facilmente en Internet con escribir as palabras clave.

O primeiro é a carta que o Papa Francisco firmou o día 1 de xaneiro, dirixida ao episcopado norteamericano. Unha carta á que precedera un encontro cos representantes oficiais da Conferencia Episcopal estadounidense, no que o mesmo

Papa lles propuxera xuntarse en retiro espiritual durante uns días, dirixidos polo predicador da Casa Pontificia Raniero Cantalamessa, coa promesa –que logo non podería cumprir– de acompañalos el mesmo. O retiro empezaría o 2 de xaneiro e entendemos que o Papa supliu a súa asistencia imposible por este escrito. Estamos ante un escrito inédito pola súa mesma publicidade e, desde logo, polo seu contido espido, forte, contundente, situando a todo o episcopado norteamericano ante as cordas de Deus e da súa propia consciencia, encarecéndolles vivisimamente a práctica dun discernimento humilde, pero a cara de can, dada a situación dramática na que se atopa a Igrexa deste país: os rastros da pederastia, practicada e/ou ocultada, colocando a credibilidade eclesial a niveis ínfimos cara a dentro e cara a fóra do catolicismo naquel país, e un distanciamento dentro do mesmo episcopado, que, no canto de afrontar de maneira adulta e responsable os conflitos e tensións existentes, desátase en palabras e xestos de mutuo desprestixio, deslexitimación, reproches, vitimizacións. «As

ideas discútnense; as situacións vitais discírnense»; esta é a proposta do Papa. E o seu escrito –en ampla esexese das palabras de Mt 20,26: «Pero entre vós non pode ser así»– abunda en motivacións para que os interesados se comprometan con algo tan necesario como cristiáns e como líderes de comunidades diocesanas.

Esperemos, polo ben de toda a Igrexa, que así o fagan. Dos 480 bispos pertencentes a esa Conferencia, 185 non acudiron ao encontro de oración proposto. Por razóns de axenda laboral, mental ou sentimental? Algo forte, desde logo, ao que ben podemos sumar tamén a nosa pregaria. Polo demais, o escrito, aínda que dirixido a quen vai dirixido, pode ser de moito proveito para calquera outra persoa ou grupo que nos encontremos ante a necesidade de ter que resolver calquera clase de conflito ou tensión que teñan que ver coa nosa tarefa de servir ao Evanxeo e das maneiras como facelo.

O segundo feito a comentar é a carta que o teólogo González Faus dirixiu a Bernardo Montoya, presunto asasino da Lau-

ra Luelmo. Como case todo o que escribe este velliño sabio – que Deus nolo conserve moitos anos–, as súas palabras rompen cos moldes presumibles, dan que pensar e fan que todo o mundo nos sintamos persoas que temos que ver co sucedido, para acabar implicándonos a todos, causante e nós mesmos, en retos humanitarios como única saída digna, cristiá.

Sospeita o autor que é frecuente que a maldade dunha persoa, que destrúe e que se autodestrúe, desborde a súa propia causa e responsabilidade e funda as súas raíces en factores colectivos, familiares e/ou sociais. Vidas estragadas que reciben a condena contundente da sociedade, pero que seguen abertas a unha posibilidade de recuperar unha humanidade perdida a forza dun perdón, que os humanos nos negamos a conceder, pero que Deus nunca nega, se a persoa sente necesidade del e o demanda. Estas situacións colócanos ante un reto de humanidade que non se resolve trivializando nada (nin a barbaridade feita, nin as responsabilidades múltiples, nin as escasas posibilidade de rehabilitación, nin a forza renovadora

dun perdón firme), pero tampouco apelando á acentuación da condena sen máis.

Un escrito cheo de humanidade, aberto ás inimaxinables posibilidades do ser humano no mal e no ben, aberto á fe, aberto ao Deus que pode ofrecer sentido último para males que en si parecen absolutamente herméticos. Agradecemosllo, aínda sabendo que haberá moita xente que disentirá e que o acusará de inxenuidade relixiosa. Agradecemosllo especialmente ante a ausencia dunha voz máis ou menos oficial da Igrexa española dándonos criterios para valorar e discernir cristianamente casos coma o presente, que por desgraza se repiten para desespero do conxunto da sociedade, sen que se suscite un debate humanitario denso e construtivo.

O terceiro feito ten que ver co labor –feitos e palabra dita e escrita– do arcebispo de Tánxer, o galego Santiago Agrelo, a quen máis dunha vez temos nomeado nestas Crónicas. Por sorte non é a única voz eclesiástica que se levanta para denunciar a barbaridade que estamos cometendo coa poboación africana que, farta de medos, guerras, vio-

lencias, vida arrastrada, decide emprender unha aventura que saben infernal, con tal de poder chegar quizás, se a boa sorte os acompaña, a un lugar que soñan cheo de posibilidades, de dignidade. Se soubesen!

Algo do que acontece ímolo sabendo polos relatos oficiais, atentos sobre todo a aqueles grupos que, por audacia propia ou por imprescindible axuda de Salvamento Marítimo ou ONGs, dan pisado terreo europeo. Moitas son as súas penalidades pasadas e presentes que ignoramos. Santiago Agrelo, ao pé do drama diariamente, por convencemento e conversión, ten asumido o papel de denunciar a inhumanidade existente en tanto comportamento europeo saído de mentes e políticas que non acaban de ver este problema como un problema humanitario que a todo o mundo nos afecta e nos incumbe. Boa proba diso foi a recente Conferencia Mundial sobre as Migracións que a ONU organizou en Marrakech (Marruecos) os días 10 e 11 de decembro pasado. Aparentemente o resultado foi positivo, pois firmouse o primeiro «Pacto Global para unha Migración Segura, Ordenada e

Regular», pero a sensación xeral era de que nada ía cambiar o estado de cousas, porque, aínda que participaron 164 países, houbo ausencias importantes como a de Estados Unidos, Brasil, Australia, Israel; outros países presentes non o firmaron, como Italia, Eslovaquia, Hungría, Polonia, República Checa, e desentendéronse de calquera compromiso cun escrito que, incluso para quen si o firmou, non é vinculante. Unha conferencia e un Pacto Global polo que a Igrexa si apostou decididamente.

Así que Santiago Agrelo terá que seguir sendo a campaña diaria que nos invite ao encontro con Deus no encontro humano con toda esa xentiña sufridora. Grazas! Se *Encrucillada* tivese un premio á solidariedade ou ao humanismo crente —e poderíao ter— o arcebispo de Tánxer, o noso querido irmán Santiago Agrelo, sería sen dúbida o primeiro candidato para recibilo. O noso voto teno xa por adiantado.

E o cuarto feito, por último, ten que ver coa Carta de curas e diáconos cataláns, publicada xa o 15 de novembro do pasado

ano, compartindo con quen os queira oír a preocupación coa que están vivindo o problema existente en Cataluña polas razóns que ben coñecemos, invitándonos a que, como comunidade cristiá, tamén nos concedamos un tempo sereno para pensar, discernir, orar en clima de solidariedade con eles, para lles devolver logo aquilo que saía da nosa mente e do noso corazón fraterno. Cremos que é cousa digna de ser tida en conta; non implica que teñamos que chegar a unha coincidencia coa maneira que eles parecen ter de ver a súa situación; pero si que rompamos con posibles prexuízos, con posicións moi emocionais adoptadas de antemán, e que discirnamos as cousas como homes e mulleres crentes, que conformamos un país chamado España con pobos e identidades diferentes, aínda que tamén coincidentes en moitas cousas ben importantes. Se fósemos unha Igrexa con personalidade e con sólido sentido comunitario, o normal sería que, a maiores de falar sobre esta cuestión de maneira solta e fácil –mesmo esbardallando por veces–, lles contestásemos ofrecéndolles o noso

sentir con sosego, coma irmáns e irmás que desexan acompañar a quen máis directamente ten que afrontar a situación pola que están pasando. Pensamos que por sermos unha Igrexa dunha Comunidade Autónoma con trazos en parte moi similares aos de Cataluña, a nosa reflexión, oración e palabra, podería ter un significado especial para quen tal cousa nos solicita.

E pechamos aquí esta carta, que, entre luces e sombras, pretende axudar a manter o ánimo esperto, aberto á conversión coresmal e disposto a reeditar a Pascua entre cantares, levando nas mans os monllos do trigo sementado con suor e bágoas. Compartimos desde aquí, con pesar e gozo, a Pascua do franciscano Xosé García Oro, natura de Lalín, 87 anos, ilustre historiador, profesor na USC, mestre de historiadores, que nos seus abundantes escritos nos desvelou moito da nosa historia galega; morreu o 11 de xaneiro; a súa vida foi unha bendición. Está sendo tamén unha bendición a vida e tarefa do noso compañeiro da Mesa de Redacción nesta revista, Xosé Manuel Caamaño López, que presidirá

a hai pouco creada Asociación Teolóxica Ibérica para o Estudo da Moral (ATIEM); parabéns a el por este cargo e servizo, e parabéns tamén, e moi firmes, pola asociación en si, vinculando España e Portugal en algo común, cousa que, no que nós sabemos, neste campo está abondo nos seus comezos. Polo demais, o tema da pederastia segue no tinteiro, como o expresou ardentemente o Papa Francisco no discurso de Nadal aos curiais do Vaticano. En febreiro será a gran cita ao respecto.

Diso falaremos. Pero permitíde-me rematar con esta copla cren-te, pequena mostra de teoloxía popular, que hai pouco recollín xa non sei onde:

«Traballa, Pepa, traballa!  
–Eu traballar xa traballo,  
pero moito non me apuro,  
que pau que Deus non engorda  
non che sae de garabullo.»

Pero o ser de Deus non é engordar todos os paus, se os paus para tal cousa se deixan? –Pois si. –Pois iso. Ata a próxima.

**Manuel Regal Ledo**